

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

14698 *Real decreto 1620/2012, do 30 de novembro, polo que se declara zona especial de conservación o lugar de importancia comunitaria ES6120032 Estreito oriental da rexión biogeográfica mediterránea da Rede Natura 2000 e se aproban as súas correspondentes medidas de conservación.*

O espazo mariño protexido denominado Estreito Oriental localízase na parte leste do estreito de Xibraltar. O estreito é a única conexión natural existente entre o mar Mediterráneo e o océano Atlántico, e as súas augas, que albergan unha gran riqueza biolóxica con especies tanto mediterráneas como atlánticas, destacan pola súa importancia como corredor migratorio para numerosas especies de interese.

Por outro lado, o carácter estratéxico do estreito de Xibraltar fai que conflúan nel e, por tanto, no ámbito do espazo mariño protexido diferentes factores socioeconómicos e xeopolíticos que o converten nun espazo moi antropizado. A crecente perda de calidade das súas augas, a alteración dos hábitats e a afección ás poboacións de especies mariñas alí presentes, a ganancia de terreos ao mar, a contaminación derivada de verteduras de hidrocarburos ou os impactos do intenso transporte marítimo son algunhas das presións a que está suxeito este espazo mariño protexido.

A conservación e a recuperación do patrimonio natural e a biodiversidade mariña son obrigas derivadas da nosa Constitución, que, no seu artigo 45, recoñece o dereito a gozar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservar. Do mesmo modo, existen no ámbito internacional numerosas normas e recomendacións que establecen a necesidade de asegurar a conservación e o bo estado ambiental dos nosos mares.

O Convenio sobre a diversidade biolóxica (CDB, Río de Janeiro, 1992) adoptou na X Conferencia das partes do convenio, celebrada en Nagoia (Xapón, 2010), o Plan estratéxico para a diversidade biolóxica 2011-2020 e as Metas de Aichi, as cales deben contribuir ao cumprimento dos cinco obxectivos estratéxicos fixados no dito plan. Entre as metas establecidas co fin de mellorar a situación da diversidade biolóxica salvaguardando os ecosistemas, as especies e a diversidade xenética, prevese que para o ano 2020 polo menos o dez por cento das zonas mariñas e costeiras, especialmente aquelas de particular importancia para a diversidade biolóxica e os servizos dos ecosistemas mariños, se conserven por medio de sistemas de áreas protexidas administrados de maneira eficaz e equitativa, ecoloxicamente representativos e ben conectados e por medio doutras medidas de conservación eficaces baseadas en áreas, e estean integradas nas paisaxes mariñas máis amplas.

En maio de 2011, a Comisión Europea publicou unha nova Estratexia de biodiversidade que estableceu as bases políticas e accións que se porán en marcha a nivel da Unión Europea durante os próximos dez anos. A estratexia ten como obxectivo principal para 2020 deter a perda de biodiversidade e a degradación dos servizos ecosistémicos da UE, e a súa restauración na medida do posible, incrementando ao mesmo tempo a contribución da UE á loita contra a perda de biodiversidade mundial. Para tal fin, a estratexia establece entre os seus obxectivos a plena aplicación da normativa sobre protección da natureza da UE, de modo que se deteña a deterioración que sofre o estado de conservación de todas as especies e hábitats recollidos nela, e que se logre unha mellora significativa e cuantificable do dito estado, de modo que sexa comparable con avaliacións existentes. Entre as actuacións específicas que se identificaron para lograr este obxectivo encóntrase a de completar a implantación da Rede Natura 2000 e garantir a súa boa xestión, en particular no medio mariño.

A Rede Natura 2000 constitúe un instrumento fundamental dentro da política europea en materia de conservación da natureza, resultado da aplicación da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres ou Directiva Hábitats, e a Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres ou Directiva Aves. As ditas normas desenvolven os criterios para a designación de espazos protexidos Rede Natura 2000 e establecen a obriga de incluír na rede zonas mariñas para a protección das especies e dos hábitats mariños incluídos nos seus correspondentes anexos.

Finalmente, e en relación coa protección e preservación do medio mariño, a Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño ou Directiva marco sobre a estratexia mariña, introduce a obriga de lograr un bo estado ambiental das augas mariñas europeas mediante a elaboración de estratexias mariñas co obxectivo final de manter a biodiversidade e de preservar a diversidade e o dinamismo dos océanos e mares. Neste sentido, as zonas mariñas protexidas designadas baixo a Directiva Hábitats constitúen unha importante contribución para a consecución do bo estado ambiental do medio mariño europeo.

Co obxecto de asegurar a conservación da integridade dos ecosistemas presentes no espazo mariño, en maio de 2007, e en cumprimento da Directiva Hábitats, propúxose a designación do espazo denominado Estreito Oriental como lugar de importancia comunitaria (LIC), con código ES6120032. A aprobación deste espazo mariño como LIC tivo lugar o 13 de febreiro de 2009 mediante a publicación no Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE) da Decisión 2009/95/CE da Comisión, do 12 de decembro de 2008, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, unha segunda lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica mediterránea.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade española, incorpora ao ordenamento xurídico español as directrices internacionais e a normativa comunitaria en materia de conservación da biodiversidade. No seu artigo 42.3 establece que, unha vez aprobada a lista de LIC pola Comisión Europea, estes espazos deberán ser declarados como zona especial de conservación (ZEC) o antes posible e como máximo nun prazo de seis anos. De acordo co artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, correspóndelle á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o exercicio das funcións administrativas a que se refire a dita lei cando se trate: a) de espazos, hábitats ou áreas críticas situados en áreas mariñas baixo soberanía ou xurisdición nacional, sempre que non concorran os requisitos do artigo 36.1; b) cando afecten quer especies cuxos hábitats se sitúen nos espazos a que se refire a epígrafe anterior quer especies mariñas altamente migratorias; c) ou cando, de conformidade co dereito internacional, España teña que xestionar espazos situados nos estreitos sometidos ao dereito internacional ou no alto mar.

Pola súa parte, a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, que traspón ao dereito xurídico nacional a Directiva marco sobre a estratexia mariña, establece o marco xeral para a planificación no medio mariño co obxectivo de lograr o seu bo estado ambiental. No seu artigo 28.c, relativo ás funcións da Administración xeral do Estado, establece a obriga de declarar e xestionar as ZEC no medio mariño.

Este real decreto ten por finalidade a declaración como ZEC da Rede Natura 2000 correspondente á rexión bioxeográfica mediterránea, o LIC ES6120032 Estreito Oriental, e aproba as correspondentes medidas de conservación do espazo mariño protexido, contidas nos seus anexos I e II.

Para a aplicación das medidas de conservación aprobadas polo presente real decreto poderase solicitar cofinanciamento comunitario de acordo co previsto no artigo 8 da Directiva Hábitats.

Esta norma someteuse, na súa tramitación, a consulta do Consello Asesor de Medio Ambiente, da Comunidade Autónoma de Andalucía e dos sectores afectados.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución española, sobre protección do ambiente, e en aplicación do establecido no artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e do artigo 28 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, en substitución do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en virtude do Real decreto 1618/2012, do 30 de novembro, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 30 de novembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Declaración como zona especial de conservación.*

Declárase zona especial de conservación (en diante, ZEC) da Rede Natura 2000 da rexión bioxeográfica mediterránea o lugar de importancia comunitaria (en diante, LIC) ES6120032 Estreito Oriental, aprobado mediante a Decisión 2009/95/CE da Comisión, do 12 de decembro de 2008, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, unha segunda lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica mediterránea.

Os límites xeográficos da zona declarada como ZEC Estreito Oriental coinciden cos establecidos para o LIC ES6120032 Estreito Oriental. A superficie, as coordenadas e a cartografía asociada inclúense no anexo II.

Artigo 2. *Aprobación das medidas de conservación.*

Apróbanse as medidas de conservación da ZEC Estreito Oriental, que inclúen a regulación de usos e actividades e o correspondente plan de xestión, recollidos nos anexos I e II, respectivamente.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

As medidas de conservación serán de aplicación na ZEC Estreito Oriental, respectando as excepcións previstas no artigo 2.4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Artigo 4. *Xestión da ZEC Estreito Oriental.*

1. A xestión da ZEC corresponderá á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, en coordinación coa Xunta de Andalucía e outras administracións públicas en materias da súa competencia.

2. Corresponde ao director xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar a concesión das autorizacións administrativas e a emisión dos informes previstos na regulación de usos e actividades recollidos no anexo I, sen prexuízo das autorizacións que sexan exixibles pola aplicación da lexislación sectorial correspondente e o disposto na disposición adicional primeira da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Os interesados solicitarán á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar a concesión das autorizacións previstas no anexo I e xuntarán á solicitud o proxecto de actividade.

A solicitud será dirixida á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, e poderase presentar nos lugares establecidos no número 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Tamén se poderá presentar polos medios electrónicos, de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. En caso de que a solicitud de autorización sexa defectuosa ou

incompleta, requirirase o solicitante para que emende os defectos advertidos ou presente a documentación complementaria no prazo de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que o particular emende os ditos defectos ou presente a documentación complementaria, acordarase o arquivamento do expediente e notificaráselle ao solicitante. En caso de que o solicitante emende os defectos ou presente a documentación complementaria no tempo previsto, procederase a tramitar a solicitude correspondente de acordo co procedemento anteriormente indicado.

O director xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, unha vez valorada a solicitude de autorización, notificará a súa decisión de forma motivada ao solicitante no prazo máximo de seis meses desde a data da recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a súa petición de autorización. A resolución do director xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar non pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpor recurso de alzada ante o secretario de Estado de Medio Ambiente, nos prazos a que se refire o artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

No non previsto neste real decreto, o procedemento rexerese polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Os procedementos de autorización de actividades de servizos que, conforme o instrumento de xestión, se poidan realizar na ZEC Estreito Oriental deberán respectar os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade e transparencia. Aplicarase, ademais, o principio de concorrencia competitiva nos seguintes supostos:

a) cando se trate dunha actividade de servizos que promova a Administración xestora da ZEC Estreito Oriental conforme os instrumentos de planificación e xestión desta;

b) cando o exercicio da actividade exclúa o exercicio doutras actividades de terceiros.

Os criterios en que se baseará a autorización para a realización de actividades de servizos estarán directamente vinculados á protección do ambiente.

A duración das ditas autorizacións será limitada de acordo coas súas características, non dará lugar a renovación automática nin comportará, unha vez extinguida, ningún tipo de vantaxe para o anterior titular nin para persoas vinculadas a el.

Artigo 5. *Colaboración entre administracións públicas.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente promoverá a colaboración entre as administracións públicas afectadas para garantir o cumprimento dos obxectivos das medidas de conservación da ZEC Estreito Oriental. Esta colaboración poderase articular a través de convenios entre a Administración xeral do Estado e a Xunta de Andalucía ou outras administracións en materias da súa competencia.

Artigo 6. *Avaliación de plans, programas e proxectos.*

Os procedementos de avaliación de plans, programas e proxectos que poidan afectar de forma apreciable a ZEC Estreito Oriental deberanse axustar ao establecido no artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, relativo a medidas de conservación da Rede Natura 2000, así como na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.

Artigo 7. *Réxime de infraccións e sancións.*

O réxime sancionador aplicable á ZEC Estreito Oriental será o establecido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, na Lei 41/2010, do 29 de decembro, e no resto da lexislación aplicable.

Disposición adicional primeira. *Dereito internacional.*

A aplicación das disposicións deste real decreto e a regulación establecida no anexo I levarase a cabo sen prexuízo das liberdades de navegación, sobrevoo e tendido de cables submarinos nos termos previstos no dereito internacional, especialmente a Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar e outros convenios internacionais e as súas resolucións de aplicación.

Disposición adicional segunda. *Adaptación á Estratexia mariña para a demarcación mariña do Estreito e Alborán.*

As medidas contidas no plan de xestión adaptaranse, en caso de ser necesario, ao disposto no programa de medidas da Estratexia mariña para a demarcación mariña do Estreito e Alborán, elaborada de acordo coas prescricións da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia.*

As medidas de conservación da ZEC Estreito Oriental terán unha vixencia de seis anos, e a súa aplicación prorrogarase mentres non sexan aprobadas outras que as substitúan.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar as medidas previstas no anexo II cando, en función da información científica dispoñible, se detecten variacións significativas que afecten a preservación do espazo mariño protexido.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de novembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación,
JOSÉ MANUEL GARCÍA-MARGALLO MARFIL

ANEXO I

Regulación de usos e actividades

Baixo esta epígrafe inclúense medidas reguladoras dos usos e actividades que se deberán aplicar no ámbito da ZEC Estreito Oriental, co fin de que o seu exercicio sexa compatible cos obxectivos de conservación establecidos no plan de xestión.

Na aplicación destas medidas, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente promoverá a colaboración coas administracións públicas competentes para garantir o cumprimento dos obxectivos de conservación da ZEC, de acordo co disposto no artigo 5 deste real decreto.

1. Actividade pesqueira.

Dentro do espazo protexido será de obrigado cumprimento a normativa pesqueira específica que sexa de aplicación, prestando especial atención á observancia dos horarios establecidos para o calado das artes de enmalle.

Na zona mariña que alberga o tipo de hábitat natural de interese comunitario 1170 Arrecifes prohibese a pesca con artes que contacten co fondo, xa sexan de cerco, enmalle, arrastre ou palangre, co fin de asegurar a súa conservación. A dita zona encóntrase delimitada polas coordenadas xeográficas que figuran a continuación (Sistema de referencia terrestre europeo ETRS89):

- a) 36° 06' 40,69" N; 05° 21' 29,64" W.
- b) 36° 06' 41,80" N; 05° 20' 29,69" W.
- c) 36° 06' 15,92" N; 05° 20' 28,92" W.
- d) 36° 06' 14,74" N; 05° 21' 28,87" W.

Garantírase, en todo o espazo mariño protexido, o emprego de artes marcadas coa identidade do buque. Neste sentido, adoptaranse as medidas necesarias para evitar a perda ou abandono das artes de pesca.

O uso de dispositivos acústicos de disuasión requirirá autorización conforme o disposto no artigo 4, logo da adecuada xustificación da súa necesidade e avaliación da súa efectividade.

En caso de captura accidental de exemplares de especies protexidas, procederase a devolvelos ao mar coas debidas precaucións para causarlles mínimos danos.

Co fin de minimizar a captura accidental de tartarugas mariñas pola pesca de palangre de superficie garantirase o emprego de peixe en lugar de pota (*Illex spp.*), como engado. No caso de que esta actividade pesqueira se encontre dirixida á captura de túnidos, empregaranse ademais anzois específicos de forma circular 12/0, co obxecto de reducir os danos por captura accidental.

Así mesmo, será obrigatorio para a pesca de palangre de superficie teren a bordo e usaren a pértega corta-tanzas a distancia para lograr un aumento da taxa de supervivencia das tartarugas capturadas accidentalmente.

2. Acuicultura.

Prohíbense as seguintes actividades:

- a instalación de gaiolas a profundidades menores de 30 metros e, en todo caso, a unha profundidade menor a 2,5 veces a altura do cope de rede das gaiolas;
- o cultivo de especies exóticas e localmente ausentes de maneira natural;
- a utilización de dispositivos acústicos de disuasión.

3. Acceso a recursos xenéticos.

O acceso aos recursos xenéticos en todo o ámbito do espazo protexido e a partilla dos beneficios derivados da súa utilización farase conforme a regulación específica que, se é o caso, se elabore como desenvolvemento do artigo 68 da Lei 42/2007, do 13 de

decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e da disposición adicional primeira da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

En todo caso, o acceso aos recursos xenéticos requirirá autorización conforme o disposto no artigo 4, que soamente se expedirá se se xustifica adecuadamente que a súa recolección non causa ningún prexuízo ao mantemento do recurso nun estado de conservación favorable e que se promove adecuadamente a partilla dos beneficios asociados á dita actividade.

4. Ocupación do espazo protexido e regulación de usos e aproveitamentos extractivos e enerxéticos.

Prohíbese en todo o ámbito do espazo protexido ganar terreos ao mar mediante recheos con materiais extraídos do fondo mariño do espazo protexido ou de calquera outra procedencia.

Queda prohibida calquera actividade destinada á exploración, investigación ou explotación de recursos minerais e xacementos de hidrocarburos, así como almacenamentos subterráneos de hidrocarburos, material radioactivo e dióxido de carbono.

Unicamente se permitirá a exploración, investigación e extracción de áreas procedentes do fondo mariño cando se realice co fin de rexenerar praias para a loita contra a erosión, e sempre coa avaliación ambiental previa. Deberase acreditar, ao solicitar a autorización e en calquera momento posterior en que o requira a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, que as áreas se extraen coa única finalidade de rexenerar praias. Se se aprecia calquera outro uso, antes, durante ou despois da extracción, considerarase prohibido e anularase a autorización.

Así mesmo, permitiranse as obras de dragaxe en zonas portuarias por motivos de seguridade na navegación, conforme o previsto na lexislación sectorial que rexe en materia de portos.

A realización de obras costeiras nas áreas críticas para a lapa ferruxenta (*Patella ferruginea*), especie en perigo de extinción, someterase a autorización conforme o disposto no artigo 4 deste real decreto.

Queda prohibida a instalación de parques eólicos mariños no ámbito da ZEC, na zona declarada non apta polo Estudo estratéxico do litoral español para a instalación de enerxía eólica mariña. Para o resto dos aproveitamentos enerxéticos requirirase autorización conforme o disposto no artigo 4 deste real decreto.

5. Regulación da navegación.

No exercicio da libre navegación e do dereito de paso inocente, os buques estranxeiros, respectando en todo caso a normativa internacional de navegación, deberán cumprir as disposicións españolas destinadas a impedir a afección negativa que poidan provocar.

Debido á relevancia do espazo protexido para as numerosas especies de cetáceos protexidas pola lexislación nacional e internacional, recoméndase navegar extremando a vixilancia.

A Administración xeral do Estado, mediante a canle administrativa procedente, iniciará o proceso para que a recomendación contida no parágrafo anterior sexa presentada no Comité de Protección do Medio Mariño da Organización Marítima Internacional para a súa adopción internacional.

En caso de colisión ou achado dun exemplar de cetáceo ou tartaruga mariña ferido ou morto, comunicarase ao 112 de Emerxencias, coa maior brevidade, e facilitaranse, sempre que sexa posible, as coordenadas da súa localización, así como as condicións en que foi achado. Se o exemplar en cuestión pode supor, ademais, un perigo para a navegación, comunicarase así mesmo ao Centro de Coordinación de Salvamento de Alxeciras.

Cando se observe un episodio de contaminación nas augas da ZEC comunicárase ao Centro de Coordinación de Salvamento de Alxeciras e ao 112 de Emerxencias e facilitaranse, sempre que sexa posible, as coordenadas da súa localización.

Queda prohibido o fondeo de embarcacións na zona mariña que alberga o tipo de hábitat natural de interese comunitario 1170 Arrecifes, delimitada polas coordenadas que figuran no primeiro punto do presente anexo, co fin de asegurar a súa conservación.

6. Prevención da contaminación.

A prevención da contaminación mariña orixinada polos buques realizarase de acordo co establecido nos convenios internacionais sobre a materia dos cales España é parte e, especificamente, no Convenio Marpol.

O espazo cuberto pola ZEC e a súa zona limítrofe terán a consideración de zona restrinxida para a vertedura de refugalloos ou outras materias desde buques ou aeronaves.

A prevención da contaminación mariña procedente de fontes terrestres realizarase de acordo co establecido nos convenios internacionais sobre a materia, e especificamente no Convenio de Barcelona, así como nas prescricións contidas na lexislación española sobre o control da contaminación e na Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Os distintos plans de continxencias por contaminación mariña que sexan de aplicación na zona deberán ter en consideración as medidas de conservación da ZEC Estreito Oriental.

7. Lixo mariño.

Queda prohibida nas augas comprendidas dentro do espazo protexido a vertedura de calquera tipo de obxecto co fin de se desfacer deliberadamente del.

Coa finalidade de reducir o impacto ocasionado polo lixo mariño e fomentar a sensibilización acerca deste importante problema ambiental entre o sector pesqueiro, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas administracións públicas que proceda, fomentará a posta en práctica de programas de recolla, separación e adecuada xestión dos residuos atrapados nas artes e aparellos de pesca que empreguen os pescadores que traballen no espazo mariño obxecto de protección.

8. Condución e cables submarinos.

Segundo o establecido nos números 2 e 3 do artigo 79, «cables e tubaxes submarinos na plataforma continental», da Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar, deberase facer o posible para evitar que o trazado para o tendido de cables e conducións submarinas para calquera actividade discorra polo espazo protexido, sen prexuízo das liberdades ao respecto establecidas no dito convenio. No caso de tendidos xa existentes, calquera reparación realizarase aproveitando as infraestruturas desenvolvidas para tal efecto, procurando minimizar o impacto que se poida causar no espazo protexido.

Queda prohibido calquera trazado no caso de zonas onde se constatase a presenza de hábitats sensibles, como son os bancos de area e as zonas de arrecifes.

9. Actividades de defensa nacional e seguridade pública.

A Administración xeral do Estado garantirá que as actividades cuxo único propósito sexa a defensa nacional e seguridade pública se leven a cabo, na medida en que isto sexa razoable ou factible, dun modo compatible cos obxectivos do presente real decreto.

10. Abastecemento de combustible.

Prohíbese o fondeo permanente de buques tanque dedicados ao abastecemento de combustible nas augas comprendidas dentro do espazo protexido.

11. Actividades de lecer e de observación de especies silvestres.

As actividades de lecer e de observación de cetáceos e outras especies silvestres que se realicen no espazo protexido e na súa contorna estarán sometidas á regulación específica que sexa de aplicación en cada caso, especialmente o Real decreto 1727/2007, do 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos, e o artigo 3.4 da Lei 41/2010, de 29 decembro.

As actividades subacuáticas dentro do espazo protexido requirirán autorización conforme o disposto no artigo 4. Co fin de preservar os hábitats sensibles, tales como as zonas de arrecifes e as furnas mergulladas ou semimergulladas, limitarase o número de autorizacións concedidas, tendo en conta a singularidade e estado de conservación dos hábitats e a presenza neles de especies catalogadas.

12. Investigación científica.

Poderanse realizar no espazo protexido actividades de investigación científica, previa autorización conforme o disposto no artigo 4. Na dita autorización farase referencia ás limitacións de uso daquelas técnicas de estudo que se considere que poidan ser incompatibles cos obxectivos de conservación establecidos neste real decreto.

13. Prevención da contaminación acústica.

Queda prohibido en todo o ámbito do espazo protexido utilizar canóns de aire comprimido e sistemas activos de sonar de baixa e media frecuencia.

Unicamente se poderá autorizar o seu uso en circunstancias excepcionais, cando sexa indispensable para a consecución dos obxectivos marcados en estudos científicos, de investigación ou caracterización do fondo mariño, cando se garanta expresamente a súa inocuidade para as especies silvestres presentes no espazo protexido e cando se realice un efectivo control mediante equipos profesionais ad hoc de observadores de mamíferos mariños e seguimento acústico pasivo, tal e como establecen os obxectivos e as medidas asociadas a este real decreto.

A anterior prohibición non será de aplicación ás actividades de defensa nacional e seguridade pública.

14. Labores de vixilancia, inspección e control.

No ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente establecerá os oportunos acordos cos departamentos competentes, especialmente cos ministerios de Defensa, de Interior e de Fomento, para garantir o desenvolvemento adecuado dos labores de vixilancia, inspección e control das medidas previstas no presente real decreto, así como para elaborar as correspondentes actas de denuncia.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente disporá, se for o caso, as medidas necesarias para exercer os labores de vixilancia, inspección e control que lle correspondan, a través, entre outros, dos órganos competentes da Secretaría Xeral de Pesca.

ANEXO II

PLAN DE XESTIÓN ZEC ES6120032 – ESTREITO ORIENTAL

Índice

1. Antecedentes.
 2. Ámbito territorial.
 3. Caracterización do medio.
 4. Obxectivos e medidas de xestión do plan.
 5. Zonificación.
 6. Estimación económica e prioridades.
 7. Seguimento e avaliación.
 8. Participación cidadá.
- Apéndice.

Antecedentes

En maio de 2007, e en cumprimento da Directiva comunitaria 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres ou Directiva Hábitats, propúxose a designación como lugar de importancia comunitaria (LIC) do espazo denominado Estreito Oriental, con código ES6120032. O LIC foi proposto debido á presenza dos tipos de hábitats naturais de interese comunitario «Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda», «Arrecifes», «Estruturas submarinas causadas por emisións de gases» e «Furnas mariñas mergulladas ou semimergulladas» (códigos 1110, 1170, 1180 e 8330 do anexo I da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, respectivamente), así como das especies de interese comunitario *Tursiops truncatus* (arroaz real), *Caretta caretta* (tartaruga mariña) e *Phocoena phocoena* (toniña) (anexo II da Lei 42/2007).

A aprobación deste espazo como LIC tivo lugar o 13 de febreiro de 2009 mediante a publicación no Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE) da Decisión 2009/95/CE da Comisión, do 12 de decembro de 2008, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, unha segunda lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica mediterránea.

O presente documento constitúe o plan de xestión da zona especial de conservación (ZEC) ES6120032 Estreito Oriental. Elaborouse conforme o artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, polo cal a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, exerce as funcións administrativas a que se refire a dita lei cando se trate de: a) espazos, hábitats ou áreas críticas situados en áreas mariñas baixo soberanía ou xurisdición nacional, sempre que non concorran os requisitos do artigo 36.1; b) cando afecten quer especies cuxos hábitats se sitúen nos espazos a que se refire a epígrafe anterior quer especies mariñas altamente migratorias; c) ou cando, de conformidade co dereito internacional, España teña que xestionar espazos situados nos estreitos sometidos ao dereito internacional ou no alto mar; respectando sempre o disposto nos estatutos de autonomía das comunidades autónomas do litoral. Do mesmo xeito, desenvolveuse en consonancia co establecido no artigo 28.c da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, sobre as funcións da Administración xeral do Estado en materia de declaración e xestión de zonas especiais de conservación no medio mariño.

Ámbito territorial

O espazo mariño protexido da Rede Natura 2000 denominado Estreito Oriental encóntrase situado no extremo meridional da Península Ibérica, na zona oriental do estreito de Xibraltar (lonxitude 5° oeste), en augas baixo soberanía ou xurisdición española fronte á costa da provincia de Cádiz.

Este espazo mariño protexido inclúe a zona leste da baía de Alxeciras e esténdese ata o mar de Alborán, alcanzando o seu límite exterior unha amplitude máxima de 7,4 millas náuticas. Cobre unha superficie total de 23.641,82 hectáreas e baña o litoral do municipio de La Línea de la Concepción ata a península de Xibraltar, no seu extremo occidental.

O estreito de Xibraltar caracterízase por ser un canón de orientación leste-oeste, que conta con augas pouco profundas na súa cara atlántica (200-300 metros) e augas máis profundas (800-1.000 metros) na cara mediterránea. A ZEC Estreito Oriental encádrase dentro destas últimas e alcanza os 850 metros de profundidade.

O espazo mariño protexido queda englobado na zona especial do mar Mediterráneo, en virtude do establecido na regra 10 do anexo I e na regra 5 do anexo V do Convenio internacional para previr a contaminación polos buques ou Marpol 73/78.

Caracterización do medio

Caracterización física

Climatoloxía.

O clima do espazo mariño protexido correspóndese, en termos xerais, co do Campo de Xibraltar. Trátase dun clima temperado, de transición entre o mediterráneo e o oceánico, caracterizado por temperaturas suaves e regulares durante todo o ano debido ao efecto termorregulador do mar (temperatura media anual entre 16 °C e 18 °C) e con precipitacións irregulares e de carácter torrencial, influenciadas polo réxime de ventos.

Os ventos dominantes son oceánicos, de compoñente oeste (ventos de poñente e vendaval), que traen humidade e chuvias, e o vento de levante, de compoñente leste, que sopra sobre todo durante o verán e o outono.

A insolación no espazo protexido está á beira dun valor aproximado de 2.600 horas anuais e a precipitación media anual é de 1.000 mm, sendo o período máis chuvioso o comprendido entre os meses de novembro e xaneiro. No verán, aínda que as precipitacións son pouco frecuentes, os ventos de levante favorecen a formación de néboas persistentes en moitos puntos das serras do Campo de Xibraltar, o que aumenta a dispoñibilidade de auga. Este fenómeno, unido aos efectos oceánicos, suaviza a severidade da seca estival e mantén unha alta humidade ambiental.

Xeoloxía e xeomorfoloxía.

A orixe do estreito de Xibraltar relaciónase principalmente co levantamento da cordilleira Bética e Rifeña durante a oroxenia alpina. Ao mesmo tempo, débese vincular ás diversas etapas de fractura e colapsos que se sucederon durante a apertura do estreito.

Desde o final do Cretáceo ata o Mioceno inferior orixínase unha fase compresiva entre as placas de Iberia e África e, na fase final deste período, prodúcese a máis abrupta fase de compresión coa oroxenia alpina. As presións soportadas nas unidades sedimentarias superpostas favoreceron a imbricación dunhas sobre outras, e determinaron así a formación das cadeas montañosas Bética e Rifeña.

Posteriormente, no tránsito ao período Mioceno medio prodúcese un adelgazamento da codia que facilitou o afundimento da bacía. A rápida subsidencia deu paso á entrada do mar e á formación dos primeiros depósitos mariños sobre un substrato metamórfico.

A finais do Mioceno ten lugar o peche parcial do Mediterráneo, provocado pola compresión entre Iberia e África, e o forte descenso do nivel mariño, acaecido durante o dito período por un clima máis árido e frío. Debido a este illamento da bacía, prodúcese a perda de auga por evaporación, e os resultados deste proceso quedan representados pola presenza de potentes depósitos evaporíticos.

Finalizado o período Messiniense, como consecuencia da relaxación do oróxeno bético-rifeño, prodúcese a apertura do Mediterráneo, o que provocou o colapso do alto estrutural do estreito de Xibraltar. A reconstrución paleoxeográfica para o Mioceno terminal correspondería por tanto a un suco, de morfoloxía moi irregular, situado entre a punta Malabata (África) e a punta Camarinal (Iberia), polo cal se drenaba unha gran cantidade de auga atlántica de forma torrencial, con gran capacidade erosiva. Neste sentido, os trazos morfolóxicos dominantes no estreito de Xibraltar son, con algúns retoques cuaternarios e pliocenos, relevos herdados de procesos erosivos orixinados por abrasión hídrica, como consecuencia da enxurrada de masas de auga atlánticas que tivo lugar durante o período de apertura, tal como se observa na disposición e xeometría de parte dos montes submarinos que a caracterizan, e na formación de pozas de cadoiros e antigas derrubas. As facies de recheo da canle consisten en brechas constituídas por litoloxías arxilosas, de idades homoxéneas, con elevada heterometría, escasa ou nula rodadura en que non existen intercalacións sedimentarias doutros materiais.

Cabe destacar o marcado perfil en U que adquire desde o meridiano de punta Europa ata o de punta Paloma, que debeu actuar como unha ampla canle de desaugamento. O tramo inicial desta profunda canle está ocupado polo abano submarino do canón de Alxeciras, unha escarpada incisión que se produce no interior da baía de Alxeciras e cuxa cabeceira se sitúa a uns escasos dous quilómetros de distancia da desembocadura do río Guadarranque.

Finalmente, na franxa litoral do espazo protexido, destaca pola súa orografía a rocha de Xibraltar, unha pequena península rochosa duns seis quilómetros cadrados de superficie, alongada en dirección norte-sur e con perfil asimétrico. Trátase dun macizo cárstico calcario, formado por afloramento de carbonatos e margas, asignadas xeoloxicamente ao *Grupo Gebel Tarik*. A súa evolución xeomorfolóxica está vinculada cos cambios rápidos cuaternarios do nivel do mar e cos máis lentos de orixe tectónica local. Desta maneira, a súa costa rochosa confórmase como un acantilado-composto, con perfís sucesivos de cantil erosivo, entre os que sobresaen acantilados e covas mariñas, e o noiro sedimentario.

Dinámica mariña.

O estreito de Xibraltar é a única conexión natural existente entre o mar Mediterráneo e o océano Atlántico, e nel a circulación das masas de auga está caracterizada por un sistema de correntes leste-oeste.

O mar Mediterráneo presenta un balance hídrico negativo debido ás elevadas perdas por evaporación, que exceden as ganancias debidas a precipitacións, e escasas achegas fluviais. Calculouse que o déficit resultante é de aproximadamente $2,42 \times 10^{12} \text{ m}^3 \cdot \text{ano}^{-1}$. O fluxo de correntes do estreito é, por tanto, o responsable de que exista un equilibrio hídrico-salino nas bacías mediterráneas, e componse de dúas correntes de salinidade e caudal diferente: un fluxo superficial de augas atlánticas entrando ao Mediterráneo e unha contracorrente profunda de augas mediterráneas saíndo cara ao Atlántico.

A interface entre as augas superficiais atlánticas e as augas profundas mediterráneas sitúase xeralmente a profundidades comprendidas entre 50 e 200 metros, dependendo da localización e os fluxos de marea. Canto máis próxima á costa marroquí, a fronteira entre as augas atlánticas e mediterráneas é máis profunda. Así mesmo, é máis profunda canto máis ao oeste.

A zona do estreito caracterízase, ademais, por procesos de mestura a través de afloramentos pulsados, inducidos polas mareas e constrinxidos pola batimetría. Estes procesos veñen reflectidos polo fenómeno de fervedoiros de marea que ocorren preto da singularidade xeolóxica chamada Kamara, e que producen advección vertical e procesos de mestura que converten o estreito nunha zona moi produtiva.

Desde o punto de vista trófico, a maior parte da biomasa de plancto é transportada ao mar Mediterráneo polas augas atlánticas. As concentracións máis altas obsérvanse na parte norte do estreito, onde circulan augas atlánticas superficiais enriquecidas aínda

que, debido ás altas velocidades das correntes, a maior parte da importación de biomasa ten lugar na parte central e sur do estreito.

Características ecolóxicas

Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda (1110).

O espazo protexido caracterízase pola presenza, na franxa litoral que baña o municipio de La Línea de la Concepción, do tipo de hábitat de interese comunitario 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

Neste caso, o hábitat correspóndese con bancos constituídos, de menor a maior profundidade, por areas medias, finas e moi finas, cun incremento progresivo en materia orgánica, e cunha comunidade vexetal practicamente inexistente.

En canto á comunidade faunística presente, destaca a presenza de especies de bivalvos de interese pesqueiro como a cadelucha (*Donax trunculus*), o longueirón (*Ensis minor*), a chirla (*Chamelea gallina*), o carneirolo (*Acanthocardia tuberculata*) e o ameixón ou ameixa macho (*Callista chione*), cuxa distribución se vai sucedendo en función da granulometría do sedimento. De igual modo, nos fondos máis superficiais aparece descrita a presenza dos decadópodos *Liocarcinus vernalis* e *Portumnus latipes*, o equinodermo *Echinocardium mediterraneum* e o poliqueto *Ophelia neglecta*. Conforme aumenta a profundidade, obsérvanse exemplares de cangrexo ermitán (*Diogenes pugilator*) e os gasterópodos *Caliptraea chinensis* (frecuentemente asociado a valvas mortas de exemplares do xénero *Chamelea*), *Mesalia breviales* (cuxa cuncha baleira é frecuentemente utilizada polo cangrexo ermitán) e *Nassarius reticulatus*, de hábitos necrófagos.

Como consecuencia da presenza destas importantes especies comerciais de moluscos e outros invertebrados mariños, o marisqueo con rastro remolcado constitúe a actividade pesqueira máis estendida nesta franxa.

Entre as principais presións e ameazas para este tipo de hábitat no espazo mariño protexido destaca a polución ou contaminación mariña.

O feito de que a zona en que se encontra localizado o espazo protexido se caracterice por ser un dos puntos con maior tráfico marítimo a nivel mundial dá lugar a que esta actividade se presente como unha importante fonte de contaminación potencial, debido tanto ao impacto xerado pola operatividade propia da navegación, como á existencia de verteduras incontroladas ou accidentais de hidrocarburos ou de mesturas oleosas desde todo tipo de buques.

Ademais, a condición estratéxica do estreito como zona de paso convérteo nun espazo proclive á realización de tarefas de *bunkering* (subministración de combustible a buques, realizado en atracada ou mediante gabarras aos buques fondeados), actividades que poderían ocasionar episodios contaminantes de diversa magnitude.

Por outro lado, a existencia na zona litoral de emisarios de augas pluviais que verten ao mar augas fecais, así como outras verteduras costeiras incontroladas e non depuradas procedentes da rocha de Xibraltar, encóntrase tamén relacionada coa perda da calidade das augas onde se localizan os bancos de area.

Finalmente, a realización de dragaxes no porto de La Atunara e zonas contiguas e a posterior vertedura dos produtos de dragaxe nas praias localizadas ao sur do porto, pode producir efectos mecánicos no medio, como o incremento de turbidez e a variación xeomorfolóxica do substrato, e molestias á fauna residente neste tipo de hábitat.

Arrecifes (1170).

O espazo mariño protexido caracterízase pola presenza, dentro do seu perímetro, do tipo de hábitat de interese comunitario 1170 Arrecifes. Este hábitat inclúe todos aqueles substratos duros, incluídos aqueles cubertos por unha delgada capa de sedimentos, de orixe bioxénica ou xeoxénica.

En punta Europa, no extremo sur da rocha de Xibraltar, existe unha zona de arrecife coñecida como «La Seca». Trátase dun arrecife rochoso de gran tamaño cunha cima bastante plana de baixas cristas rochosas, que dá paso a unha zona areosa pouco profunda ao leste e áreas máis profundas ao sur. Ao longo da crista nordeste existe unha caída desde os 18 aos 25 metros de profundidade, con multitude de gretas e pequenas furnas. Seguindo a caída ao leste do arrecife encóntrase a zona coñecida como «El Arrecife de Vladi» onde, así mesmo, aparecen unha serie de furnas submarinas.

Dada a súa natureza, este tipo de hábitat vese sometido aos impactos derivados da contaminación e do desenvolvemento de actividade pesqueira na zona.

Tal e como quedou reflectido no punto anterior, as actividades relacionadas co tráfico de grandes buques poden derivar na contaminación por hidrocarburos, ben sexa como consecuencia de aspectos operacionais do buque ben de verteduras accidentais ou ilegais. De igual modo, a práctica do *bunkering* pode derivar nun derramamento de hidrocarburos ao mar. Por outro lado, a existencia de verteduras incontroladas desde a costa, tanto de orixe industrial como urbana, non depuradas, pódese relacionar cunha perda da calidade das augas onde se desenvolven estas comunidades. Neste contexto, a contaminación da auga podería chegar a provocar a diminución da calidade do hábitat, o cal comportaría a desaparición das especies máis sensibles á contaminación e a alteración da estrutura e o funcionamento da comunidade biolóxica, facilitando, en fases posteriores, a colonización por especies máis resistentes e menos especializadas de menor valor ecolóxico.

En relación coas artes de pesca artesanal que actualmente operan na zona, ben que son selectivas en canto ás capturas, poderían xerar un impacto de certa importancia sobre estas comunidades ao contactaren co fondo. Pola súa parte, a pesca de arrastre está considerada como unha das principais causas de deterioración dos ecosistemas de arrecifes, posto que provoca serios danos mecánicos a estas comunidades. Neste sentido, o exercicio ilegal da pesca de arrastre no espazo mariño protexido ten un efecto directo sobre os ecosistemas do fondo mariño, xa que os altera significativamente.

Estruturas submarinas causadas por emisións de gas (1180).

A ZEC Estreito Oriental preséntase como lugar relevante para a conservación do tipo de hábitat de interese comunitario 1180 Estruturas submarinas causadas por emisións de gas.

Este tipo de hábitat, aínda en incipiente fase de estudo, encóntrase constituído por estruturas submarinas complexas, organizadas en bloques de ata catro metros de altura formados pola agregación de grans de area nunha matriz carbonatada. Estas estruturas orixínanse pola oxidación microbiana das emisións de gas metano que, procedentes da descomposición de depósitos vexetais fósiles, ascenden cara á superficie do fondo oceánico.

Na actualidade, descoñécese o grao de afección que as actividades desenvolvidas na zona poderían ter sobre este tipo de hábitat natural. Ata o momento, a pesca de arrastre ilegal constituiría a principal ameaza polos danos mecánicos que xera sobre os fondos mariños.

Furnas mariñas mergulladas ou semimergulladas (8330).

O espazo mariño protexido caracterízase pola presenza, principalmente nas zonas coñecidas como «Tres Hermanas», «El Arrecife de Vladi» e o lado leste da rocha de Xibraltar, do tipo de hábitat de interese comunitario 8330 Furnas mariñas mergulladas ou semimergulladas.

O lugar coñecido como Tres Hermanas, ao oeste da rocha de Xibraltar, conta con varios pináculos rochosos, algúns dos cales afloran á superficie. Estes pináculos están formados pola rocha sedimentaria coñecida como brecha que, neste caso, se encontra constituída por unha concreción de ósos, pedras e barro prehistóricos. Tanto a antigüidade

do lugar como a complexa e intrincada natureza deste tipo de rocha contribuíron a que estes pináculos presenten multitude de gretas e pequenas cavidades.

No caso de El Arrecife de Vladi, ao sur da rocha de Xibraltar e a unha profundidade entre os 20 e os 25 metros, localizáronse sete furnas mergulladas.

Finalmente, a parte leste da rocha de Xibraltar presenta unha sucesión de cavidades somerxidas nun promontorio brechoide a unha profundidade que oscila ente os tres e os seis metros, que pode alcanzar nalgunhas un desenvolvemento de ata 30 metros.

En canto ás principais presións e ameazas para este tipo de hábitat cabe destacar o efecto indirecto no cambio das condicións fisicoquímicas da auga que poderían ter tanto a vertedura de augas residuais urbanas ou industriais sen depurar como as verteduras de hidrocarburos debidas ao intenso tráfico marítimo e o desenvolvemento do *bunkering* existentes na zona. Este cambio repercutiría de forma significativa sobre as especies presentes nas furnas, moi vulnerables á contaminación e aos cambios ambientais. A degradación por contaminación orgánica ou industrial pode dar lugar, deste modo, á desaparición das especies máis sensibles e, por tanto, á permanencia das especies resistentes e á aparición de especies de ampla valencia ecolóxica.

* *Caretta caretta*¹ (1224).

A tartaruga mariña é unha especie de marcado carácter migratorio. No curso destes movementos, numerosos exemplares entran e saen do mar Mediterráneo a través do estreito de Xibraltar, e intérnanse no ámbito da ZEC onde, posiblemente, fan uso do espazo como zona de alimentación.

A este respecto, existen estudos que demostran a permanencia na parte occidental do mar de Alborán de exemplares xuvenís de gran tamaño durante un certo período de tempo. Posiblemente a zona sexa utilizada como área de preparación para a tartaruga mariña na súa migración ás zonas costeiras do Atlántico occidental. Parece, polo tanto, que estes xuvenís, orixinarios do Atlántico occidental, poderían atrasar o seu movemento transatlántico para se aproveitaren dos elevados recursos alimenticios existentes na parte oeste do Mediterráneo.

A tartaruga mariña está sometida a unha serie de ameazas antrópicas dentro do espazo protexido, entre as cales se encontran a captura accidental, a interacción con embarcacións, a contaminación das augas e o lixo mariño.

No Mediterráneo é especialmente significativo o efecto que sobre as poboacións de tartarugas mariñas teñen as diferentes froas de palangre de superficie. Porén, na rexión do estreito de Xibraltar o enmalle é considerado a principal causa de varada.

Debido á elevada intensidade do tráfico marítimo existente no espazo protexido e o seu contorno, a probabilidade de que se produzan colisións desta especie con embarcacións resulta relativamente elevada. Do mesmo modo, é probable que sucedan episodios contaminantes ligados á operatividade dos buques, verteduras accidentais ou verteduras ilegais, que poden supor unha afección sobre a especie. Por outro lado, a contaminación acústica derivada do elevado tráfico marítimo na zona podería comportar cambios significativos no comportamento natatorio das tartarugas, así como danos de tipo fisiolóxico.

Ligado á forte presenza de buques e instalacións portuarias na zona, esta especie pódese ver afectada por verteduras de hidrocarburos, procedentes tanto da actividade de *bunkering* como da do lavado de tanques que, unidas á contaminación procedente das zonas costeiras, pode aumentar a concentración de metais pesados nos seus tecidos. Destaca a alta variación interindividual de concentracións de cadmio encontrada nas tartarugas mediterráneas do mar de Alborán, probablemente incorporada ao seu organismo a través da dieta.

1 O símbolo «*» identifica as especies de interese comunitario prioritarias.

Finalmente, os residuos sólidos flotantes non biodegradables (plásticos) procedentes das zonas costeiras e do desenvolvemento de actividades no mar supoñen unha seria ameaza para a tartaruga mariña. Estes residuos son inxeridos polo animal ao seren confundidos con alimento, o que lle provoca en moitos casos a morte por afogamento ou asfixia. Ademais, existe o risco de se enredar debido á presenza de residuos e lixos nas augas, tales como aparellos abandonados, e de cabos e liñas de amarre.

Tursiops truncatus (1349).

O arroaz real conta con poboacións residentes tanto no Estreito (estímase que está composta por 250 individuos) como na baía de Estepona, principalmente arredor de El Seco del Placer de las Bóvedas. Desde estes dous lugares prodúcese a chegada de exemplares de arroaz real ata o ámbito da ZEC.

Presenta hábitos tróficos de carácter oportunista. Varias especies encóntranse presentes na súa dieta, principalmente especies de espáridos como o ollomol (*Pagellus bogaraveo*) e, en menor medida, a pescada branca (*Merluccius merluccius*) e pequenos peláxicos.

Os estudos sobre estrutura poboacional dos arroaces reais do golfo de Cádiz, estreito de Xibraltar e mar de Alborán mostran unha segregación espacial significativa entre estas tres poboacións, o que suxire unha adaptación de cada unha aos hábitats das diferentes zonas, así como unha ausencia de procesos reprodutivos entre estas poboacións.

O arroaz real pódese ver afectado pola degradación do seu hábitat debido a diversos factores antropoxénicos. Así, a contaminación química da auga, procedente principalmente do desenvolvemento das zonas litorais adxacentes ao espazo mariño protexido e da práctica do *bunkering* e das verteduras de hidrocarburos desde embarcacións (ben sexa de carácter operacional, de forma accidental ou aquelas verteduras realizadas ilegalmente), pode provocar unha perda das condicións adecuadas para o desenvolvemento da especie así como das súas especies presa. Estudos comparativos con poboacións de arroaces reais doutras rexións do mar Mediterráneo determinaron que as poboacións de arroaz real do estreito presentan niveis máis elevados dos organoclorados PCB (bifenil policlorados), DDT (para-diclodifeniltricloroetano) e EDC (dicloruro de etileno), o cal se podería considerar consecuencia directa desta contaminación.

Pola súa parte, o desenvolvemento da actividade de observación de cetáceos con fins recreativos ou comerciais que realizan de forma regular algúns operadores no ámbito do espazo protexido, principalmente na baía de Alxeciras, pode supor un risco para a supervivencia das poboacións de arroaz real. Non respectar as medidas de protección para cetáceos establecidas pola normativa vixente debido ao emprego de métodos de detección inadecuados, á aproximación aos animais sen respecto do Espazo móbil de protección de cetáceos establecido, ao exceso do tempo da actividade de avistamento e do número de embarcacións que desenvolven a actividade de forma simultánea sobre un mesmo grupo, ou ao descoñecemento dos requisitos específicos de cada especie, pode causar danos físicos aos animais, diminuír o éxito reprodutivo ou producir cambios na conduta como a evitación das embarcacións, o que, a longo prazo, podería supor o desprazamento dos cetáceos daquelas zonas que soportan maior presión da actividade.

Finalmente, no ámbito da ZEC, a contaminación acústica encóntrase principalmente asociada ao elevado tráfico marítimo existente, así como a outras actividades que supoñan o uso de sonar, como as actividades militares ou de exploración sísmica. A dita contaminación podería impedir o desenvolvemento normal dos procesos de ecolocalización, vital para as funcións tróficas e de reprodución da especie, xerar cambios no comportamento, como o abandono dunha área importante para a alimentación, xerar situacións de estrés nos individuos, etc. Altos niveis de ruído antropoxénico poderían mesmo producir unha diminución nos efectivos das especies presa, que afectaría, por tanto, a dispoñibilidade de alimento.

Phocoena phocoena (1351).

A toniña é unha especie residente oportunista no estreito, que pode estar presente en calquera época do ano. A súa abundancia, dieta e estrutura social non se coñece adecuadamente debido á súa escasa presenza na zona.

As observacións de toniña no mar de Alborán acostuman relacionarse con exemplares procedentes do Atlántico oriental que penetran a través do estreito de Xibraltar, dado que non existe constancia de poboacións estables desta especie no mar Mediterráneo.

As principais presións e ameazas que inflúen nos exemplares que de forma esporádica chegan ata as augas da ZEC Estreito Oriental son similares ás reflectidas no punto anterior para o arroz real.

Outras especies de interese.

O estreito de Xibraltar é un dos funís migratorios máis importantes para as aves mariñas de todo o Paleártico occidental. Por el pasa a práctica totalidade da poboación mundial da criticamente ameazada pardela balear (*Puffinus mauretanicus*), ao igual que todos os exemplares da subespecie mediterránea de pardela cincenta (*Calonectris diomedea diomedea*) e unha fracción moi importante (aproximadamente o 75%) da de gaivota de Audouin (*Larus audouinii*), todas elas incluídas no anexo I da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres ou Directiva Aves.

A pardela balear conta no espazo mariño protexido cunha poboación migratoria en paso cara a e desde as zonas de muda situadas no Atlántico europeo, cun número de efectivos estimado entre 24.000 e 26.500 individuos. Pola súa parte, a pardela cincenta conta cunha poboación de paso estimada superior aos 100.000 individuos. Outras especies de aves mariñas incluídas no anexo I da Directiva Aves como a gaivota cabecinegra (*Larus melanocephalus*), a gaivota biquistreira (*Larus genei*), o carrán cristado (*Sterna sandvicensis*), o carrán común (*Sterna hirundo*), o carrán pirrí (*Sterna albifrons*) e o carrán mouro (*Chlidonias niger*), así como outras especies mariñas de interese como o mascato común (*Morus bassanus*), o papamerda real (*Stercorarius skua*), o arao romeiro (*Alca torda*) e o arao papagaio (*Fratercula arctica*), contan, así mesmo, con importantes poboacións migratorias en paso nesta área.

O espazo mariño protexido alberga nas súas augas poboacións estables, polo menos estacionalmente, de especies de cetáceos como o golfinho riscado (*Stenella coeruleoalba*) e o golfinho común (*Delphinus delphis*). Estímase que estas poboacións se encontran constituídas por máis de 2.000 individuos de golfinho riscado e por preto de 1.800 individuos de golfinho común. Ambas as especies posúen unha ampla distribución no estreito, aínda que o golfinho común é a especie máis avistada na zona. As dúas especies tenden a asociarse espacialmente e mesmo a formaren mandas mixtas. En contraposición, observouse que a asociación entre golfinhos común e riscado con outros cetáceos é limitada. As principais presións e ameazas que inflúen sobre estas poboacións con presenza regular na ZEC Estreito Oriental son similares ás expostas anteriormente para o arroz real.

Outras especies de cetáceos con presenza no ámbito da ZEC e as súas proximidades son o caldeirón común (*Globicephala melas*), cunha abundancia próxima aos 300 individuos procedentes dos clans do estreito de Xibraltar e que utilizan o espazo protexido como zona de alimentación durante o verán; o cachalote común (*Physeter macrocephalus*), con máis de 50 individuos identificados na ZEC e que tamén utilizan o espazo mariño protexido como zona de alimentación desde febreiro a agosto; o arroz boto (*Grampus griseus*); e a candorca (*Orcinus orca*), con preto de 37 individuos censados que utilizan o espazo protexido durante os meses de primavera e verán. Finalmente, a área tamén serve como zona de paso a exemplares de balea común (*Balaenoptera physalus*), que utilizan as augas do estreito durante as súas migracións, con saída cara ao océano Atlántico ao final da primavera e entrada cara ao Mediterráneo ao final do inverno.

Respecto ao grupo de invertebrados mariños, a lapa ferruxenta (*Patella ferruginea*), endémica do mar Mediterráneo occidental, sufriu unha alarmante regresión poboacional que deu lugar á inclusión no Catálogo español de especies ameazadas e no Catálogo andaluz de especies ameazadas coa categoría de «en perigo de extinción». Esta especie presenta no ámbito da ZEC e as súas proximidades, principalmente na parte occidental da baía de Alxeciras, unha das poboacións máis importantes e de maior densidade coñecidas na Península Ibérica. Os exemplares encontrados nesta franxa costeira utilizan como substrato o piso intermareal rochoso pero poden aparecer sobre construcións artificiais, en especial diques dos portos.

A principal causa de declive desta especie é, sen dúbida, a actividade humana. O marisqueo, especialmente de exemplares grandes (femias), altera a proporción de sexos e a densidade de individuos diminuindo o éxito reprodutor. A maioría das zonas de presenza de lapa ferruxenta en Andalucía son diques de portos de fácil acceso para o home, e existe unha relación entre a escaseza de exemplares grandes e o grao de accesibilidade. Un claro exemplo disto produciuse en Sotogrande, porto situado no ámbito do espazo mariño protexido, onde as poboacións son moi accesibles e se observaron mortalidades de ata o 50%.

Así mesmo, encóntranse no ámbito da ZEC Estreito Oriental outras especies relevantes de invertebrados: a nácara (*Pinna nobilis*), o coral laranxa (*Astroides calycularis*) e a caracola (*Charonia lampas lampas*), clasificadas como «vulnerables» no Catálogo español de especies ameazadas e no Catálogo andaluz de especies ameazadas; o ourizo de pugas longas (*Centrostephanus longispinus*) incluído na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial; e o nudibranquio Roboastra europeae, a gorgonia vermella (*Paramuricea clavata*) e a esponxa vermella (*Crambe crambe*).

Finalmente, o lugar conta con especies ícticas singulares como a morea común (*Muraena helena*), o congro (*Conger conger*), o salmonete real (*Apogon imberbis*), o cabrón de cabeza negra (*Tripterygion tripteronotum*) e mesmo o peixe lúa (*Mola mola*).

Caracterización do medio socioeconómico

No estreito de Xibraltar e no seu contorno desenvólvense multitude de usos e actividades. Estímase que o dez por cento do tráfico mundial de navíos circula por el e que transitan máis de 4.000 petroleiros ao ano. Estes datos xustifican que o estreito estea recoñecido como unha das áreas máis susceptibles de sufrir catástrofes ambientais derivadas do tráfico marítimo.

O porto da baía de Alxeciras, cos seus máis de dez quilómetros de peiraos, xestiona todo tipo de tráfico de pasaxeiros e mercadorías. Trátase do primeiro porto de España e do mar Mediterráneo en canto ao tráfico de mercadorías. Así, en 2010, superou un tráfico total de 70 millóns de toneladas e, en concreto, un tráfico de mercadoría xeral en contedores de máis de 2,8 millóns de unidades, maioritariamente procedente do transbordo entre os barcos das liñas marítimas que unen Asia con América e Europa, e África con Europa. Ademais, as actividades portuarias e de tráfico marítimo constitúen o principal motor económico da zona, chegando a mobilizar o 60% do tráfico de mercadorías de toda Andalucía. Ao longo da súa historia, o porto tamén aglutinou a maior parte do tráfico de pasaxeiros e de vehículos que cruza o estreito de Xibraltar, e que ten como destino Ceuta e Tánxer-Med. Por último, o porto posúe unha notable actividade petroleira, debido principalmente á refinaría de Xibraltar-San Roque e ás tarefas de subministración de combustible a buques ou *bunkering*.

Pola súa parte, o porto de Tarifa converteuse no terceiro porto da Península en tráfico de pasaxeiros. Nel operan liñas de alta velocidade que enlazan con Tánxer.

O porto de Xibraltar é un dos portos que en maior medida se dedica ao servizo de *bunkering* no Mediterráneo, favorecido pola política de exención de taxas. En 2007 foron transvasadas por este medio 4,3 millóns de toneladas de combustible, o que o converte na principal actividade comercial do porto de Xibraltar. A actividade, porén, é principalmente practicada en fondeadoiros situados en augas da baía, exteriores ás do

propio porto. Este servizo de *bunkering* realízase normalmente mediante buques tanque de gran tonelaxe fondeados con carácter permanente que funcionan como depósitos flotantes, os cales son recargados por buques de parecido porte de forma que sempre teñen combustible. Do buque que actúa como depósito flotante van tomando combustible as gabarras para subministrárenllelo aos buques fondeados.

Aparecen na franxa mariña próxima ao espazo mariño protexido un gran número de puntos de vertedura entre os cales destacan os de carácter industrial da Autoridade Portuaria da Baía de Alxeciras, Cepsa, Acerinox, Endesa, Gas Natural, Greenfuel e Torraspapel, entre outras empresas. Por outro lado, existe un total de 15 puntos de vertedura dos concellos de Alxeciras, Los Barrios, San Roque e La Línea de la Concepción. Para o control de augas e sedimentos identifícanse 15 puntos de policía de augas.

No que se refire á actividade pesqueira comercial, esta tivo tradicionalmente unha notable importancia social e económica na comarca do Campo de Xibraltar. Os portos de pesca máis próximos ao espazo mariño protexido, localizados no contorno da baía de Alxeciras e que aínda explotan caladoiros situados dentro del ou nas súas proximidades, son os de Tarifa, Alxeciras e La Atunara (La Línea de la Concepción). Estes dous últimos son os que en maior medida desenvolven a súa actividade dentro do espazo mariño protexido.

Segundo datos de 2010, a frota pesqueira con base no porto de Alxeciras está composta por 88 embarcacións de distinto porte, das cales 67 se dedican á pesca artesanal (enmalle, aparellos de anzol e palangre de fondo), doce á pesca de cerco, oito á pesca con palangre de superficie, e unha ao marisqueo con rastro remolcado. A produción pesqueira desta frota está á beira das 1.152 toneladas anuais e o valor da produción é duns 4,1 millóns de euros ao ano. As principais especies capturadas, por orde de volume de capturas, son o xurelo (*Trachurus trachurus*), o bocarte (*Engraulis encrasicolus*), o peixe espada (*Xiphias gladius*), o ollomol (da pinta) ou buraz (*Pagellus bogaraveo*), o atún vermello (*Thunnus thynnus*), a sardiña (*Sardina pilchardus*), o xurelo negro ou xurelo azul (*Trachurus picturatus*), as xardas (do sur) ou cabalas, (*Scomber spp.*), o bonito (*Sarda sarda*), o congro ou zafio (*Conger coger*) e o sargo común (*Diplodus sargus*). Destas, as especies con maior importancia económica son o buraz (40% do valor total), o atún vermello (15%), o peixe espada (15%) e o xurelo (10%). A pesca do buraz é unha pesca artesanal, monoespecífica e realizada mediante un aparello de anzol especializado denominado «voracera», encóntrase regulada nas augas exteriores do estreito de Xibraltar que están comprendidas entre os meridianos de punta Camarinal e punta Europa. Un total de 24 embarcacións con porto base en Alxeciras están autorizadas para realizar a pesca de buraz nesta zona de regulación.

Pola súa parte, o porto de La Atunara encóntrase situado no interior do espazo mariño protexido. Segundo datos de 2010, este porto conta cun total de 75 pesqueiros, dos cales 38 pescan facendo uso de artes menores (enmalle, aparellos de anzol e palangre de fondo), 37 do rastro remolcado e dous do cerco. A produción pesqueira desta frota cífrase nunhas 1.663 toneladas e uns 1,8 millóns de euros ao ano. As principais especies capturadas, por volume de captura, son o carneirolo (*Acanthocardia tuberculata*), atún xudeu (*Auxis rochei*), o ameixón ou ameixa macho (*Callista chione*), os peixes voadores (*Exocoetidae*) o xurelo, o pancho bicudo (*Pagellus acarne*), a sardiña, as bertorellas (*Phycis spp.*), o prago (*Pagrus pagrus*), e os salmonetes (*Mullus spp.*). Destacan os desembarques de moluscos bivalvos, capturados mediante rastro remolcado nas zonas de produción constituídas polos areais que se estenden parcialmente ao longo do sector nororiental do espazo protexido. As especies con maior valor son o carneirolo (34% do valor total), atún xudeu (32%), a ameixa macho (8%), o prago (5%) e o xurelo (4%). Tamén alcanzan certo valor os linguados (*Solea spp.*), os escarapotes (*Scorpaena spp.*) e os chocos (*Sepia spp.*).

Finalmente, tamén segundo datos de 2010, o porto de Tarifa aloxa 77 embarcacións de pequeno porte, dedicadas exclusivamente á pesca con artes menores (enmalle,

aparellos de anzol e palangre de fondo) en caladoiros do estreito de Xibraltar e unha embarcación dedicada á almadraba. O buraz é o principal recurso explotado por esta frota pesqueira, de modo que representa máis do 48% do peso das vendas en lonxa e do 84% do valor total recadado por ano. Un total de 57 embarcacións con porto base en Tarifa están autorizadas para realizar a pesca de buraz na zona de regulación pesqueira do estreito. Outras especies desembarcadas no porto de Tarifa, por orde decrecente de volume e valor de captura, son o chincho, o sabre prateado (*Lepidopus caudatus*), o atún vermello, o prago, a cabra lexítima ou peixe galiña (*Helicolenus dactylopterus*), o peixe espada, o veleiro do Atlántico (*Istiophorus albicans*), a cherna (*Polyprion americanus*) e o roncadador mulato (*Plectorhinchus mediterraneus*). A produción pesqueira desta frota cifrase nunhas 475 toneladas e 4,4 millóns de euros ao ano.

O espazo mariño protexido, máis alá dos 50 metros de profundidade, tamén é empregado como caladoiro alternativo polos arrastreiros de fondo procedentes doutros portos.

En canto á actividade marisqueira, o sector do espazo mariño protexido que se estende ao leste da fronte costeira de La Línea de la Concepción coincide parcialmente coas zonas de produción marisqueira AND 24-1 «La Atunara» e AND 26 «Litoral de Cádiz II». A zona de «La Atunara» alcanza a isóbata de 40 metros e está declarada zona de marisqueo tipo A (recolección para consumo humano directo) para as seguintes especies de moluscos bivalvos vivos: cadelucha (*Donax trunculus*), chirla (*Chamelea gallina*), ameixón ou ameixa macho, carneirolo, ameixa rubia (*Venerupis rhomboides*), vieira (*Pecten maximus*), navallas (*Solen spp.*), rabioso de lama ou reloxo (*Dosinia exoleta*) e carneiro ou burro (*Venus verrucosa*). Pola súa parte, a zona de «Litoral de Cádiz II» alcanza a isóbata de 20 metros e está declarada zona de marisqueo tipo A para as especies que seguen: apegón verde (*Anemona sulcata*), ourizo de mar (*Paracentrotus lividus*) e ourizo negro (*Arbacia lixula*).

O desenvolvemento da actividade acuícola mariña está limitado polas condicións costeiras desta zona (plataforma estreita e pendente, e de natureza rochosa) así como pola planificación de usos administrativos existente. En xeral, as particulares condicións hidrodinámicas da zona determinan o cultivo en sistemas adaptados (gaiolas flotantes, bateas e long-lines). Actualmente, o cultivo de peixes na comarca do Campo de Xibraltar viuse reducido debido ao cesamento da actividade das empresas que ata agora operaban na zona. Non obstante, o cultivo do mexillón (*Mytilus galloprovincialis*) en batea preséntase como unha prometedor alternativa do sector acuícola na zona. As parcelas de mexillón 1 e 2 do porto de La Atunara (zona de produción marisqueira AND 46 «La Línea») encóntranse localizadas no espazo mariño protexido.

A ZEC Estreito Oriental conta con distintos cables submarinos relacionados co sector das telecomunicacións. Neste sentido, cabe destacar o cable submarino de fibra óptica *Europe-India Gateway* que, ao longo de 15.000 quilómetros de lonxitude, unirá Europa, África e Asia, desde o Reino Unido ata a India. Así mesmo, existe outro cable submarino de fibra óptica que une La Línea da Concepción coa Cidade Autónoma de Ceuta, que se encontra destinado a mellorar a cobertura dos teléfonos móbiles, a velocidade da conexión á internet, a implantación da TDT (televisión dixital terrestre) e o número de conversas telefónicas simultáneas na cidade autónoma.

En xeral, o turismo non constitúe unha actividade importante para o desenvolvemento económico das poboacións situadas arredor da baía de Alxeciras. Alxeciras, aínda que máis como punto de paso que como destino, oferta un gran número de prazas hoteleiras e está potenciando nos últimos tempos a súa oferta turística, orientada principalmente ao mercado interior británico. Non obstante, existen focos de atracción turística relativamente próximos á baía, onde algunhas actividades relacionadas co mar alcanzaron bastante desenvolvemento. Este é o caso do Parque Natural do Estreito. Todo isto xerou unha industria de actividades lúdicas na contorna, tales como o mergullo deportivo, a pesca e a navegación de lecer. Os principais centros de mergullo deportivo operan desde Xibraltar e a actividade concéntrase na zona de servidume arqueolóxica da baía de Alxeciras, na cal se encontra un importante número de crebas somerxidas nas inmediacións do porto de

Xibraltar e os arredores da Rocha. A pesca recreativa e a navegación de lecer desenvólvense principalmente desde os portos deportivos de Sotogrande e La Alcaidesa, especialmente durante a época estival. Cabe destacar que boa parte dos portos pesqueiros da zona están sendo reconvertidos paulatinamente en portos deportivos.

Finalmente, a actividade de observación de cetáceos ten un desenvolvemento relevante dentro do espazo protexido. As primeiras empresas empezaron a operar desde os portos da baía de Alxeciras a principios dos 80 e, na actualidade, a actividade está sufrindo un crecemento incipiente no estreito de Xibraltar. Os operadores con base en Xibraltar inclúen nos seus percorridos de avistamento a baía de Alxeciras e os arredores de punta Europa, e, por tanto, o espazo mariño protexido, dirixindo a súa actividade principalmente á observación de poboacións de golfiño común, golfiño riscado e arroz real. Pola súa parte, os operadores procedentes de Tarifa normalmente operan na zona situada fronte ao Parque Natural do Estreito para realizaren o avistamento de especies como o caldeirón común, o cachalote común e o arroz real, e unicamente fan uso do espazo protexido (principalmente da zona da baía de Alxeciras) cando as condicións meteorolóxicas non permiten o desenvolvemento da actividade na zona habitual.

Obxectivos e medidas de xestión do plan

Os obxectivos finais ou metas propostas encóntranse orientados ao mantemento ou, se for o caso, o restablecemento nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais e especies de interese comunitario polas cales se designou o lugar, exceptuando a especie de interese comunitario *Phocoena phocoena* (toniña), así como de todas aquelas outras especies de interese do anexo V da Lei 42/2007, do 13 de decembro, consideradas como relevantes no espazo mariño protexido.

As conclusións do seminario de Brindisi en xuño de 2010 relativo á Rede Natura 2000 de ámbito mariño para as rexións mariñas do Mediterráneo, mar Negro e Macaronesia exclúen a especie de interese comunitario *Phocoena phocoena* da lista de referencia para o Mediterráneo por consideraren a súa presenza na zona como non significativa ou residual, tal e como reflicte o formulario normalizado de datos para este espazo protexido. Esta presenza non significativa da especie no ámbito da ZEC exime, segundo o desenvolvemento do artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de considerar esta especie incluída nos obxectivos de conservación do dito lugar e, por tanto, do establecemento de medidas de conservación adecuadas.

As metas propostas neste punto non sempre se poderán alcanzar durante o período de aplicación das medidas contidas no plan de xestión, senón que dependerán do tempo de resposta e evolución dos sistemas naturais ou da situación de partida.

Para cada unha das metas, entendidas como obxectivos finais da xestión, especifícanse os obxectivos operativos que deben ser alcanzados durante a vixencia do plan de xestión para manter ou, se for o caso, restablecer o estado de conservación favorable das especies e hábitats no menor tempo posible, considerando os recursos dispoñibles. Ademais, especifícanse as medidas de xestión que deben permitir alcanzar estes obxectivos operativos.

A. Estado de conservación favorable dos tipos de hábitat naturais de interese comunitario

A.1 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda

Obxectivo final 1: completar o inventario do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, presente no espazo mariño protexido.

▪ 1.1 Obxectivo operativo: delimitación, coa maior resolución espacial, do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

– Medida de xestión: realización dunha caracterización acústica do fondo mariño, incluíndo a utilización de ecosondas multifeixe e perfiladores sísmicos de alta resolución, que permitan coñecer a localización exacta do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, sobre o fondo mariño, así como un seguimento dos seus cambios.

– Medida de xestión: xeración de nova cartografía bionómica co obxecto de completar os valores de referencia do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, así como a súa representatividade.

▪ 1.2 Obxectivo operativo: identificación das especies características do tipo de hábitat de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, presentes no espazo mariño protexido.

– Medida de xestión: elaboración dun inventario de especies características asociadas ao tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, e determinación da súa representatividade.

Obxectivo final 2: definir o estado de conservación do tipo de hábitat de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, presente no espazo mariño protexido.

▪ 2.1 Obxectivo operativo: determinación do estado actual de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, presente no espazo mariño protexido.

– Medida de xestión: realización dun diagnóstico do estado actual de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

– Medida de xestión: elaboración de estudos de medición de parámetros fisicoquímicos do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

▪ 2.2 Obxectivo operativo: valoración da incidencia das presións antrópicas sobre o tipo de hábitat de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

– Medida de xestión: estudo do impacto que teñen sobre a calidade das augas e os fondos as distintas actividades desenvolvidas polos buques, especialmente no relativo á subministración de combustible e ao transvasamento de hidrocarburos como carga dun buque a outro no mar.

– Medida de xestión: estudo do impacto que ten a chegada de verteduras directas ou indirectas procedentes de zonas costeiras.

– Medida de xestión: estudo do potencial impacto que teñen as artes ou aparellos pesqueiros que actualmente operan na zona de presenza do tipo de hábitat natural.

Obxectivo final 3: mellorar o estado de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, así como as condicións do seu contorno.

▪ 3.1 Obxectivo operativo: promover a redución do volume de verteduras directas ou indirectas (verteduras industriais, augas residuais, descargas desde ríos, escorregamentos, etc.) que, desde terra e sen tratamento adecuado, chegan ao espazo mariño protexido.

– Medida de xestión: intensificar o control periódico da calidade da auga e das verteduras en colaboración coas autoridades estatais, rexionais e locais da zona.

Obxectivo final 4: seguimento do estado de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda, presente no espazo mariño protexido.

▪ 4.1 Obxectivo operativo: elaboración e aplicación de protocolos de seguimento do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

– Medida de xestión: desenvolvemento dun programa de seguimento de comunidades bentónicas e/ou meiofauna do tipo de hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

– Medida de xestión: desenvolvemento dun programa de seguimento dos parámetros fisicoquímicos do hábitat natural de interese comunitario Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

A.2 Arrecifes

Obxectivo final 1: completar o inventario do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes, presente no espazo mariño protexido.

▪ 1.1 Obxectivo operativo: delimitación, coa maior resolución espacial, do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes, presente no espazo mariño protexido.

– Medida de xestión: realización dunha caracterización acústica do fondo mariño, incluíndo a utilización de ecosondas multifeixe e perfiladores sísmicos de alta resolución, que permitan coñecer a localización exacta do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes sobre o fondo mariño.

– Medida de xestión: xeración de nova cartografía bionómica con obxecto de completar os valores de referencia do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes, así como a súa representatividade.

▪ 1.2 Obxectivo operativo: identificación das especies características asociadas ao tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes, presente no espazo mariño protexido.

– Medida de xestión: elaboración dun inventario das especies características asociadas ao tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes, e determinación da súa representatividade.

Obxectivo final 2: definir o estado de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes, presente no espazo mariño protexido.

▪ 2.1 Obxectivo operativo: determinación do estado actual de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes, presente no espazo mariño protexido.

– Medida de xestión: realización dun diagnóstico do estado actual de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes.

– Medida de xestión: elaboración de estudos de medición de parámetros fisicoquímicos do hábitat natural de interese comunitario Arrecifes.

▪ 2.2 Obxectivo operativo: valoración da incidencia das presións antrópicas sobre o tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes.

– Medida de xestión: estudo do impacto que teñen sobre a calidade das augas e os fondos as distintas actividades desenvolvidas polos buques, especialmente no relativo á subministración de combustible e ao transvasamento de hidrocarburos como carga dun buque a outro no mar.

– Medida de xestión: estudo do impacto que ten a chegada de verteduras directas ou indirectas procedentes de zonas costeiras.

- Medida de xestión: estudo do potencial impacto que teñen as artes ou aparellos de pesca que actualmente operan na zona de presenza do tipo de hábitat natural.
- Medida de xestión: estudo do potencial impacto que ten a actividade de mergullo de lecer na zona de presenza do tipo de hábitat natural.

Obxectivo final 3: mellorar o estado de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes, así como as condicións do seu contorno.

▪ 3.1 Obxectivo operativo: promover a redución do volume de verteduras directas ou indirectas (verteduras industriais, augas residuais, descargas desde ríos, escorregamentos, etc.) que, desde terra e sen tratamento adecuado, chegan ao espazo mariño protexido.

- Medida de xestión: intensificar o control periódico da calidade da auga e das verteduras en colaboración coas autoridades estatais, rexionais e locais da zona.

Obxectivo final 4: seguimento do estado de conservación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes no espazo mariño protexido.

▪ 4.1 Obxectivo operativo: elaboración e aplicación de protocolos de seguimento do tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes.

- Medida de xestión: desenvolvemento dun programa de seguimento de comunidades asociadas ao tipo de hábitat natural de interese comunitario Arrecifes.
- Medida de xestión: desenvolvemento dun programa de seguimento dos parámetros fisicoquímicos do hábitat natural de interese comunitario Arrecifes.
- Medida de xestión: desenvolvemento dun programa de seguimento dos efectos do mergullo de lecer no hábitat natural de interese comunitario Arrecifes.

A.3 Estruturas submarinas causadas por emisións de gases

Obxectivo final 1: completar o inventario do tipo de hábitat natural de interese comunitario Estruturas submarinas causadas por emisións de gases, presente no espazo mariño protexido e o seu contorno.

▪ 1.1 Obxectivo operativo: delimitación do tipo de hábitat natural de interese comunitario Estruturas submarinas causadas por emisións de gases, presente no espazo mariño protexido.

- Medida de xestión: realización dunha caracterización acústica do fondo mariño, incluíndo a utilización de ecosondas multifeixe e perfiladores sísmicos de alta resolución, que permitan coñecer a localización exacta do tipo de hábitat natural de interese comunitario Estruturas submarinas causadas por emisións de gases sobre o fondo mariño.

